

Sobre a sustancia da poesía...

Xosé María Álvarez Cáccamo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (2012 [1991]). “Sobre a sustancia da poesía...”. *Nordés*: 15-16 (III Data), 16. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1958>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (1991). “Sobre a sustancia da poesía...”. *Nordés*: 15-16 (III Data), 16.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

POÉTICA

SOBRE A SUSTANCIA DA POESÍA...

Sobre a sustancia da Poesía tense teorizado tanto, e ás veces con tan boa fortuna, que eu non me sinto capacitado para engadir nada esencial. Só podo proclamar a miña necesidade constante de entender os territorios do mundo onde me correspondeu habitar (eu, a miña xente, os espellos da baía onde segue afogándose en soidade a fermosa namorada de Meendiño) através dun discurso de analoxías e correspondencias e azares que, mentres ilumina, instaura novas patrias escuras para continuar interrogando en asombro. A sorte entregoume os aparellos da Poesía, desgastados polo esforzo da tristura pero propicios tamén para a labranza de gloriosos entusiasmos, e eu aceptei o encárgo dese labor comunal. Obedezo o meu impulso e traballo con instrumentos herdados que conservan as amósegas das sensibilidade máis feridas e intelixentes da Historia. Direi só os nomes dalgúns deses traballadores extraordinarios: Pero Meogo, Juan de la Cruz, Jorge Manrique, Quevedo, Rosalía, Pondal, Cavafis, Rimbaud, Rilke, Machado, Vallejo, Pavese, Cunqueiro, Eugénio de Andrade, Saint John Perse, Lorca, Cernuda, Gamoneda... Uso e roubo parte da ciencia que eles practicaron para mentirme recobrando as cifras da casa dos meus e da miña nenez, para trascender ou testificar a dor en proxecto de arte, para fuxir da estancia amara do día que repite morte sesenta veces por hora e para conciliarme coa alegría de certos acontecementos milenarios: o xogo das marés, a arquitectura secreta do vento, a mudanza das cores do bosque. Ultimamente ando na procura dunha voz que imite o soberbio rumor universal da natureza e tamén a elegancia do seu silencio, mentres os exércitos coloniais do mundo teiman na desfeita da Terra e no asasinato dos inocentes. Por iso tamén me sinto obrigado a berrar contra o crime que se usa para encher as arcas dos poderosos co sangue dos desposeídos. Este berro nunca deixou de ser necesario.